

VIEIROS

Edición xeral

Freixeiro Mato: 'Existiron presións de M. Fraga'

A postura dos mínimos é como se coñece a unha proposta normativa baseada na do consenso de 1980. As súas principais diferencias eran o sistema de acentuación, a grafía dos pronomes ou algunhas solucións léxicas, máis achegadas a solucións medievais ou portuguesas. É a empregada pola Mesa pola Normalización, a CIG, o BNG ou A Nosa Terra. Xosé Ramón Freixeiro Mato, profesor da Universidade da Coruña e un dos seus principais representantes, amosaba a súa indignación tras saber da falta de acordo.

- 21:40 17/11/2001

Vieiros. ¿Cal é a súa valoración da decisión da Real Academia?

Xosé Ramón Freixeiro Mato. Coñecer a noticia foi unha sorpresa tremenda e un disgusto terrible. É increíble que a Real Academia teña a desfachatez de negar a aprobación dun acordo no que a inmensa maioría da xente comprometida co galego estaba volcada. Unha Real Academia, precisamente, que non foi capaz en cen anos de facer nada. Nada de nada, nin un diccionario, nin unha gramática... Se tivesen algo de dignidade deberían autodisolverse.

¿A que cre que se debe esta decisión?

Sabemos que existían presións directas do Partido Popular para que o acordo non fose adiante. Manuel Fraga ameazou a Real Academia con retirarlle uns subsidios miserentos que lle dá a Xunta, e a Real Academia vendeuse por un prato de lentellas. E, está claro, influíron moito os resultados electorais, que lles deron folgos aos sectores máis inimigos do galego. Un acordo que era ben recibido por case todo o mundo, que só tivo en contra a Francisco Vázquez...

¿Que decisións se van tomar a partir de agora?

Todos os que pediamos unha reforma, unha reforma mínima, os que buscabamos un consenso, teremos que reunirmos, repensalo e velo en conxunto. O que temos que ter claro é que o primeiro é a lingua: canto menos dano lle poidamos facer á lingua, mellor. Ao galego non lle conveñen guerras normativas e temos que pór a lingua por diante. Despois, por outra parte, os membros do ILG quedan nunha posición difícil, pois eles, como lingüistas da Academia, foron desautorizados nunha votación. A Academia non lle fai caso aos seus lingüistas. Eu, no seu caso, supoño que demiiría, pero é unha posición moi difícil...